

# VIEIROS

Edición xeral

## Filmax roda unha película sobre o lobishome galego

Filmax comeza a rodar o 12 de agosto na Fonsagrada a película 'Romasanta', baseada na lenda do vendedor ambulante [Manuel Blanco Romasanta](#), máis coñecido como o lobishome de Allariz, a quen se lle atribúe a morte de doce persoas nos bosques galegos, alá polo ano 1850. O filme está dirixido por Paco Plaza e protagonizado por Elsa Pataky e Julián Sands. O argumento e a documentación son cousa do escritor Alfredo Conde. Filmax prepara ademais un documental sobre a historia real de Romasanta. [Aquí](#) poden obter máis información sobre a misteriosa personaxe.

- 17:13 04/08/2003

.